

Expediente: 2020/2549Q
Destinatario: CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR
Dirección: PZ CONCELLO DO, 1
32710 PEREIRO DE AGUIAR (O)
OURENSE
Núm. notificación: DP/00000004/0002/000013492

A Presidencia da Deputación Provincial de Ourense mediante Resolución 2020/2163 de data 16 de marzo de 2020 acordou, en relación á prestación dos servizos administrativos xerais que:

“Os servizos de carácter administrativo continuarán a prestarse aos cidadáns, se ben **de forma non presencial**, utilizando os medios telefónicos e telemáticos dispoñibles. A tal efecto, os interesados poderán tramitar as súas solicitudes e realizar as actuacións que resulten necesarias nos seus expedientes a través da **sede electrónica** da Deputación Provincial de Ourense.

No caso de que os cidadáns carezan de medios para realización on – line dos trámites, atenderáselles mediante **correo electrónico** ou **telefonicamente**, nos seguintes termos:

a) Con carácter preferente, os cidadáns poderán remitir un correo electrónico indicando o trámite que desexen realizar. Os servizos provinciais poranse en contacto cos interesados o antes posibles, e facilitará as instrucións a seguir para a realización dos trámites.

Na medida en que sexa legalmente posible, se facilitará a presentación de documentación mediante correo electrónico, realizándose a presentación no Rexistro Electrónico polos propios empregados públicos.

b) En caso de non dispoñer de correo electrónico, os cidadáns poderán formular as súas consultas de forma telefónica. Prégase que a utilización desta vías se restrinja aos casos nos que sexa estritamente necesario, con fin de evitar o colapso das liñas telefónicas provinciais.

Para a remisión do correo electrónico ou a consulta telefónica empregaranse as direccións de correo e teléfonos dos distintos servizos, dispoñibles na web da Deputación.

Excepcionalmente, naqueles casos en que non sexa posible a tramitación on – line do asunto de que se trate e este teña carácter urxente, poderá atenderse de forma presencial aos interesados, previa cita que se comunicará de forma telefónica ou mediante correo electrónico, e coa adopción das medidas precautorias oportunas.”

En consecuencia, as canles de comunicación co Servizo de Xestión Tributaria e Recadación serán:

Sede electrónica da Deputación: sede.depourense.es

Teléfono: **988317720**

Email: recaudacion@depourense.es

Nesta mesma Resolución da Presidencia 2020/2163 de data 16 de marzo de 2020 acordouse, en relación ós procedementos de xestión tributaria e recadación en curso a aplicación das seguintes regras:

- a) No caso dos tributos emitidos que estean en período voluntario de pagamento, o prazo de pagamento entenderase suspendido durante o período no que dure o estado de alarma, sen prexuízo de que os contribuíntes poidan seguir realizando pagos durante o dito período.
- b) Durante a vixencia do estado de alarma non se iniciará o período de pagamento voluntario de ningún tributo.
- c) Durante a vixencia do estado de alarma, quedarán suspendidos os procedementos de recadación en vía executiva, e non se procederá á iniciación de novos procedementos deste tipo.

Desta forma, e de acordo co establecido no apartado a), en relación ós tributos de vencemento periódico que están en período voluntario de pagamento ampliarase o prazo de pago dos mesmos en período voluntario polo tempo que dure o estado de alarma.

En relación ós prazos de pagamento das débedas tributarias de vencemento non periódico así como os prazos das débedas en período executivo, previstos nos apartados 2 e 5 do artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que non concluíran a data 18 de marzo de 2020, ampliaranse o prazo de pagamento ata o 30 de abril de 2020 segundo establecido no artigo 33 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-19.